

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE BETANZOS PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE URXENCIA DO PARQUE DO PASATEMPO, BETANZOS (A CORUÑA).

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, D^a. María Barral Varela, actuando en representación do concello da Betanzos, en virtude da súa condición de alcaldesa da citada corporación segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 24 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro:

Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo:

Os apartados 1) e 2) do artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir



convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei. Do mesmo xeito, o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, encomenda aos concellos a obriga de protexer, difundir e fomentar o valor cultural dos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial.

Terceiro:

O Parque do Pasatempo localizado no concello de Betanzos está protexido polo seu valor cultural ao ser un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia. O parque está declarado BIC coa categoría de xardín histórico polo Decreto 23/2020 do 6 de febreiro, polo que se declara ben de interese cultural o Parque do Pasatempo de Betanzos (DOG núm. 35 do 20.02.2020) coa categoría de xardín histórico.

Conxunto monumental de xardín, edificacións e elementos decorativos concibido polo seu promotor, D. Juan García Naveira, coma unha zona de esparexemento, aínda que particular, e de goce público na beira do río Mendo, comenzado a construír no ano 1893 e rematado no ano 1914. A principios de século era lugar recomendado de visita polas guías turísticas da época. Posuía: Casa dos espellos, Avenida dos Emperadores, Estanque dos Papas, Fonte de Neptuno, Fonte da Industria e o Progreso, Parque Zoolóxico etc... O Pasatempo foi o "capricho dun indiano".

Juan María García Naveira comezou a adquirir os terreos do Pasatempo no ano 1883 e dez anos despois iniciou a súa construción. A maior parte do parque estaba construída no ano 1914. Porén, continuouse ampliando e modificando ata o ano 1933, cando morreu o seu promotor. Algún autor sostén que o Pasatempo é unha obra inacabada, na cal non se remataron as dúas últimas terrazas. Non consta a existencia dun proxecto ou plan redactado que definise o deseño do parque.

A bibliografía atribúelle a autoría ao seu propio promotor, Juan María García Naveira, e suxire que os planos de apoio foron executados pola súa filla Águeda. Isto sería acorde co que pasa coa maior parte das obras da arquitectura indiana que, segundo os estudos dispoñibles ata o de agora, foron executadas, na súa maior parte, sen a participación dun titulado superior en arquitectura. Ademais, o longo período de tempo da construción do Pasatempo fai supor que, se houbo un director técnico das obras –distinto do promotor–, este se coñecería. Está acreditada a contratación de varios dos arquitectos máis representativos do eclecticismo galego para proxectar e dirixir outras obras promovidas polos irmáns García Naveira, Juan de Ciórraga y Fernández de la Bastida, Ricardo Boán ou Rafael González Villar, o que pode sementar dúbidas sobre a falta dunha autoría técnica cualificada do Pasatempo responsable, cando menos, da composición xeral. En todo caso, si está constatada a participación de persoal cualificado técnica e artisticamente: a dirección das obras estivo a cargo de Francisco Sanmartín Murias e varias das esculturas do parque



foron executadas por artistas recoñecidos. A parte baixa ou leste do Pasatempo era a que ocupaba unha maior superficie e asentábase sobre parte da marisma de Betanzos, nun terreo – denominado O Carregal– que ocupaban as xunqueiras do río Mendo, desecado na segunda metade do século XIX e principios do XX coa construción do ferrocarril. A parcela desta parte baixa era de forma irregular, cunha superficie aproximada de catro hectáreas e media.

É un espazo plano, por tratarse de terreos de recheo, situado ao sur do camiño que comunicaba a ponte do Carregal coa fábrica de curtidos de Lissargue Etchard, hoxe desaparecida. Nesta parte do parque dominaba a compoñente vexetal, na cal se inserían diversos elementos singulares, arquitectónicos e escultóricos. O xardín estaba configurado por distintos espazos e paseos organizados ao redor de grupos escultóricos, fontes ou pavillóns de carácter ornamental. Non toda a parcela estaba destinada a xardín, xa que a parte noroeste acollía hortas e campos de cultivo, e a parte sur estaba ocupada por un espazo arborizado ou bosque. Tras a morte do promotor do parque, esta área, a máis próxima á cidade de Betanzos, foi a que máis sufriu a destrución ao ser obxecto dunha gran transformación e ocupacións posteriores que a deturparon case totalmente, e da que unicamente quedan uns poucos elementos illados.

Nesta parte podían distinguirse os seguintes ámbitos: a zona de entrada cun xardín de carácter xeométrico; unha zona de estanques e fontes; a área de xardíns temáticos; un bosque ocupado parcialmente polo zoo e a horta. A parte alta ou oeste aséntase na aba da pequena elevación situada no que foi a beira oeste da ría de Betanzos antes de desecar O Carregal. Esta propiedade estaba separada da anterior por un camiño que se transformou na estrada provincial C-542 (actual avenida Fraga Iribarne). Ocupa uns terreos de certa pendente, cuxa topografía foi alterada, creando varios bancais axardinados nos cales se dispón, dun xeito recargado, unha multitude de elementos arquitectónicos, escultóricos e pictóricos. Tamén é característico o sistema de covas e galerías soterradas que percorren boa parte desta zona e que, xunto coa construción dos bancais, implicou mover un considerable volume de terras.

A parte alta ou oeste aséntase na aba da pequena elevación situada no que foi a beira oeste da ría de Betanzos antes de desecar O Carregal. Esta propiedade estaba separada da anterior por un camiño que se transformou na estrada provincial C-542 (actual avenida Fraga Iribarne). Ocupa uns terreos de certa pendente, cuxa topografía foi alterada, creando varios bancais axardinados nos cales se dispón, dun xeito recargado, unha multitude de elementos arquitectónicos, escultóricos e pictóricos. Tamén é característico o sistema de covas e galerías soterradas que percorren boa parte desta zona e que, xunto coa construción dos bancais, implicou mover un considerable volume de terras. A parte alta do parque acolle o denominado Parque Enciclopédico, organizado en bancais e



socalcos que van ascendendo do leste ao oeste na aba do monte, no cal a acumulación de elementos é máis evidente. Está constituído por dúas parcelas comunicadas cunha pasarela.

A parcela situada máis ao leste (6.617 m²), de forma irregular, linda polo norte cunha parcela rústica, polo leste coa avenida Fraga Iribarne e polo sur cun carreiro tradicional que se prolonga polo oeste, onde está a segunda parcela, e que linda polo norte e polo oeste con outros predios rústicos. Esta área do parque non foi ocupada como a anterior por edificios, vías ou dotacións, e aínda que sufriu a destrución de moitos dos seus elementos. Na actualidade mantense como parque público. A parcela leste é a que contén a maioría dos elementos que caracterizan o parque e que chegaron aos nosos días: un área de estanques constituído por cinco terrazas ou niveis; a área dos grandes murais e a gran gruta-león colosal, estruturada en tres niveis. A parcela oeste contén outras dúas plataformas.

Cuarto:

Unha vez coñecida en detalle a problemática actual do monumento nas súas múltiples perspectivas, esta actuación contempla aquelas intervencións urxentes e prioritarias recoñecidas no Plan Director para atallar os danos máis importantes e garantir a correcta conservación do conxunto monumental, así como aquelas referidas á súa posta en valor e mellor aproveitamento cultural.

A causa do transcurso do tempo, é precisa unha actuación de acondicionamento e conservación do Parque do Pasatempo. Consistirá na reparación do sistema hidráulico dende o manancial ata os estanques da Terraza 1, para frear a produción de riscos e a posta en risco dos elementos xa restaurados, asemade, permitiría a posible utilización futura da rede para fornecer de auga as fontes, sen necesidade de electricidade.

Procederáse á eliminación, baixo criterios de conservación e restauración da idea orixinal do Pasatempo, das árbores de gran porte que xeran un risco importante para a vexetación orixinal, así como riscos persoais e materiais dentro do parque.

Crear un percorrido sinalizado e balizado para axudar a retomar a actividade turística no Parque.

Realizar actuacións arqueolóxicas para atopar evidencias da existencia de restos do Parque Baixo, comprobar o estado de conservación dos posibles restos e restaurar os elementos escultóricos e artísticos.



Para realizar a execución destas obras de urxencia no Parque do Pasatempo de Betanzos é preciso realizar un convenio de colaboración co Concello de Betanzos (A Coruña), para a posta a disposición dos terreos e inmobles obxecto desta actuación.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e o Concello de Betanzos (A Coruña) para a **posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das obras de urxencia do Parque do Pasatempo, Betanzos (A Coruña).**

Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo Conservar o patrimonio cultural galego.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións oportunas para a execución das obras de urxencia do Parque do Pasatempo, Betanzos (A Coruña), con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia de 2022 en función das súas dispoñibilidades económicas e en consonancia co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto 246/1992 da Consellería de Economía e Facenda (DOG núm. 159 do 17 de agosto de 1992).

Terceira.- Obrigas do Concello de Betanzos, (A Coruña).

Pola súa banda, o Concello de Betanzos en A Coruña, comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio. Esta libre dispoñibilidade será realizada, segundo o establecido no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda. Así mesmo, será o responsable de aprobar o documento técnico das actuacións e conservar e xestionar o acceso aos restos no ámbito dos terreos da súa titularidade.



Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por:

1. Dous (2) representantes da Xunta de Galicia
2. Dous (2) representantes do Concello de Betanzos, (A Coruña).

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a finalización das obras obxecto do mesmo, prevista para o 31 de decembro de 2023 e, en todo caso, ata a finalización da intervención.

En todo caso, a duración máxima prevista non poderá ser superior aos catro anos, salvo que normativamente esté previsto un prazo superior, de acordo co artigo 49 apartado h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima: Publicidade do convenio

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava: Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena.- Réxime Xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades,

A Alcaldesa de Betanzos (A Coruña)

Román Rodríguez González

María Barral Varela

